

Ferrín non aclara se repensará a súa dimisión malia xurdir máis voces que lle piden



Miguel Pardo | @depunteirolo

"Será informada ao seu debido tempo". Así respondeu Xosé Luís Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega, a unha xornalista que lle preguntou sobre a data do vindeiro plenario da RAG e sobre a posibilidade de que dese marcha atrás na súa anunciada decisión de dimitir do seu cargo, logo de que numerosos persoeiros da cultura galega, académicos como Manuel Rivas e Darío Xohán Cabana ou entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) ou o Centro Pen **lle pedisen que continuase á fronte da institución**.

Foi o único que se lle puido sacar a Ferrín no seu primeiro acto público logo de que o pasado luns anunciase a súa intención de deixar a presidencia da RAG. **A cada unha das cuestións sobre a súa previsible marcha, o aínda presidente da institución limitouse a responder cun "non hai comentarios"** ata en tres ocasións.

Tan só deixou Ferrín un "ben, grazas" cando foi preguntado por como estaba a "dixerir" o conflito na Academia e tras solicitar que se falase de "gastronomía" con motivo da presentación do *Diccionario de alimentación e restauración*. "Preferiría que non insistise", chegou a asegurarlle aos periodistas, que **terán que agardar para coñecer a data do vindeiro plenario da Academia e se o actual presidente repensa a súa decisión de abandonar o cargo** ante as numerosas peticións para que rectifique.

Un dos últimos apoios recibidos por Méndez Ferrín foi a do presidente da Deputación de Lugo, José Ramón Gómez Besteiro, que lle pediu que siga á fronte da RAG. O líder socialista en Lugo destacou a "defensa" do galego que realiza o actual presidente da Academia **"nuns momentos de menosprezo cara á lingua e á cultura galega por parte do Goberno da Xunta e do Goberno central"**.

Ademais, asegurou que "ten proxecto" para a institución.

O propio presidente da Xunta, **Alberto Núñez Feijóo**, destacou o **"trato impecable" do Goberno galego coa Academia durante o mandato de Méndez Ferrín** e valorou a aposta do presidente da institución por "poñer a excelencia" na RAG. Aínda así, negouse a comentar algo sobre a presunta división interna do organismo.

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

hai un día | [Cultura](#) |

[A cultura galega valora positivamente a xestión de Ferrín e pide unha RAG "máis activa" e "plural"](#)

hai 3 días | [Cultura](#) |

[Méndez Ferrín dimite como presidente da RAG](#)